- Busca, selecciona e organiza información relacionada coa unidade a partir de textos, imaxes e gráficos para completar as súas actividades e responder preguntas de forma adecuada.
- Transmite a información de xeito preciso.
- Comprende e interpreta a información científica de documentos escritos, imaxes, gráficos e extrae conclusións coas que argumentar nos seus traballos e nas súas exposicións da clase.
- Relaciona a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais cos seus efectos sobre o relevo, describindo accións concretas.



- Coñece a importancia das augas subterráneas, analiza os riscos da súa sobreexplotación e explica a importancia da diminución do nivel freático nun acuífero.
- Coñece e explica en que consisten os movementos da auga do mar, relacionándoos coa erosión, o transporte e a sedimentación no litoral.
- Xustifica a influencia da ondada no retroceso dos acantilados e na formación de plataformas de abrasión.
- Relaciona a actividade do vento con actividade xeolóxica, explicando a súa influencia na transformación do relevo, na formación de dunas, etc.
- Asocia a dinámica glacial coa enerxía solar e identifica os seus efectos sobre o relevo.
- Investiga sobre as formas de modelaxe de Galicia.
- Identifica no mapa unha zona de Galicia determinada.
- Relaciona a intervención dos seres vivos cos procesos de meteorización, erosión e sedimentación, sinalando exemplos, como a acumulación de grandes cantidades de materia vexetal en zonas continentais, que orixina carbón e ocasiona distintos efectos xeolóxicos.
- Observa, valora e describe diferentes actividades humanas que transforman a superficie terrestre, superando algúns factores adversos para a agricultura e outras actividades.
- Busca información en diferentes fontes sobre a acción xeolóxica do ser humano e utiliza as TIC para elaborar a información e presentar os resultados da súa aprendizaxe e das súas investigacións.
- Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.

## **Unidade 11: A dinámica interna da Terra**

### ***obxectivos***

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das

persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### ***contidos***

- A enerxía interna da Terra.
- A estrutura en capas da Terra.
- As placas litosféricas.
- O vulcanismo.
- Terremotos e ondas sísmicas.

### ***criterios de avaliación curriculares***

**B1.1.** Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.

**B1.2.** Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.

**B4.10.** Diferenciar os cambios na superficie terrestre xerados pola enerxía do interior terrestre dos de orixe externa.

**B4.11.** Analizar as actividades sísmica e volcánica, as súas características e os efectos que xeran.

**B4.12.** Relacionar a actividade sísmica e volcánica coa dinámica do interior terrestre e xustificar a súa distribución planetaria.

**B4.13.** Valorar e describir a importancia de coñecer os riscos sísmico e volcánico, e as formas de previlos.

**B6.2.** Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación.

**B6.3.** Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e os métodos empregados para a súa obtención.

**B6.4.** Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.

### ***estándares de aprendizaxe e competencias***

**BXB1.1.1.** Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito. CCL, CMCCT

**BXB1.2.1.** Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes. CD, CAA

**BXB1.2.2.** Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes. CD, CCL

**BXB1.2.3.** Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados. CAA, CCL

**BXB4.10.1.** Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo. CMCCT

**BXB4.11.1.** Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran. CMCCT

**BXB4.11.2.** Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina e asóciaos co seu grao de perigo. CAA, CMCCT

**BXB4.12.1.** Xustifica a existencia de zonas nas que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude. CAA, CMCCT

**BXB4.13.1.** Valora e describe o risco sísmico e, de ser o caso, volcánico existente na zona en que habita e coñece as medidas de prevención que debe adoptar. CAA, CSC

**BXB6.2.1.** Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón. CAA, CCL

**BXB6.3.1.** Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións. CMCCT, CD

**BXB6.4.1.** Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo. CAA, CMCCT, CSC, CSIEE

### ***indicadores de logro***

- Identifica e describe os termos do vocabulario científico, relacionados co tema.
- Busca, selecciona e organiza información relacionada coa unidade a partir de textos, imaxes e gráficos para completar as súas actividades e responder preguntas de forma adecuada.
- Transmite a información de xeito preciso.
- Comprende e interpreta a información científica de documentos escritos, imaxes, gráficos e extrae conclusións coas que argumentar nos seus traballos e nas súas exposicións da clase.
- Explica a diferenza entre un proceso xeolóxico externo e un interno, identificando os seus efectos.
- Sabe como se orixinan os sismos; descríbeseos e explica como son os diferentes tipos de ondas e os efectos que xeran; suxire medidas de precaución nas construcións de vivendas, distinguindo entre terremotos e tsunamis e as súas consecuencias.
- Identifica os tipos de volcáns co magma que os orixina e relaciona a presenza de vulcanismo asociado ás zonas de separación ou diverxencia entre placas, xustificando distintas hipóteses sobre o tipo e o grao de perigo.
- Localiza no mapa as principais zonas de risco sísmico.
- Xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude, tendo en conta a existencia de fallas, como a de San Andrés na península de California.
- Describe a sismicidade en Galicia.
- Reflexiona sobre o risco sísmico e volcánico en diferentes zonas, coñece as medidas de prevención que debe adoptar e suxire formas de actuar para evitar que se ocasionen danos ás persoas.
- Experimenta para extraer as hipóteses que argumentan a resposta.

- Busca información en diferentes fontes sobre os volcáns e os terremotos e as súas consecuencias; utiliza as TIC para investigar; elabora a información e presenta os resultados da súa aprendizaxe e das súas investigacións.
- Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.

## **Unidade 12: Os minerais e as rochas**

### ***obxectivos***

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### ***contidos***

- A materia mineral.
- As rochas e a súa clasificación.
- As rochas sedimentarias.
- As rochas magmáticas ou ígneas.
- As rochas metamórficas.

### ***criterios de avaliación curriculares***

**B1.1.** Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.

**B1.2.** Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.

**B1.3.** Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.

**B5.2.** Valorar e determinar a importancia do solo e os riscos que comporta a súa sobreexplotación, degradación ou perda.

**B6.1.** Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.

**B6.3.** Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e os métodos empregados para a súa obtención.

**B6.4.** Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.

### ***estándares de aprendizaxe e competencias***

**BXB1.1.1.** Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito. CCL, CMCCT

**BXB1.2.1.** Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes. CD, CAA

**BXB1.2.2.** Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes. CD, CCL

**BXB1.2.3.** Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados. CAA, CCL

**BXB1.3.2.** Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento, como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados. CSIEE, CMCCT, CAA

**BXB5.2.1.** Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo. CMCCT

**BXB6.1.1.** Integra e aplica as destrezas propias do método científico. CAA, CMCCT

**BXB6.3.1.** Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións. CMCCT, CD

**BXB6.4.1.** Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo. CAA, CMCCT, CSC, CSIEE

### ***indicadores de logro***

- Busca, selecciona e organiza información relacionada coa unidade a partir de textos, imaxes e gráficos para completar as súas actividades e responder preguntas de forma adecuada.
- Transmite a información de xeito preciso.
- Comprende e interpreta a información científica de documentos escritos, imaxes, gráficos e extrae conclusións coas que argumentar nos seus traballos e nas súas exposicións da clase.
- Realiza experimentos sinxelos no laboratorio, descríbeos, extrae conclusións e explícaas de forma coherente.
- Valora a importancia da explotación dos recursos minerais de modo sustentable.
- Utiliza unha clave dicotómica para identificar minerais.

- Utiliza as TIC para buscar información sobre a extracción de minerais e rochas; presenta os resultados da súa aprendizaxe e das súas investigacións de forma ordenada.
- Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo

### INDICADORES DE LOGRO E MÍNIMOS REQUERIDOS

A **porcentaxe mínima** de cada indicador que ten que acadar o alumno para unha avaliación positiva será dun **50%**

### ANEXO. EQUIVALENCIAS.

100% Demuestra total comprensión do problema. Todos os requerimentos da tarefa están incluídos na resposta

80% Demuestra considerable comprensión do problema. Todos os requerimentos da tarefa están incluídos na resposta

60% Demuestra comprensión parcial do problema. A maior cantidade de requerimentos da tarefa están incluídos na resposta.

40% Demuestra pouca comprensión do problema. Na resposta faltan moitos dos requerimentos da tarefa.

20% Non comprende o problema.

0% Non responde. Non intentou facer a tarefa

### B\_ METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A **metodoloxía** será o máis activa e participativa posible, evitando o excesivo protagonismo do profesorado e centrando a atención nos plantexamentos do alumnado.

Para ilo se intercalarán actividades mediante o desenvolvemento de tarefas e/o proxectos, exercicios na aula, prácticas, debates, dúbidas ou comentarios. Na aula recurrirase ao traballo, individual o en grupos, sempre que sexa posible para fomentar o debate, a crítica e o trabazo en equipo, sin deixar de valorar a individualidade.

Incluiranse os seguintes tipos de actividades:

**Actividades de introducción**, para poñer en evidencia as concepcións e os coñecementos previos do alumnado e para a motivación cara métodos e contidos específicos.

**Actividades de desenvolvemento**, con exposicións interactivas, traballo individual e /ou en pequeno grupo, postas en común ou debate e conclusións no grupo aula. O/a alumno/a ha de ser protagonista da súa propia aprendizaxe e o papel do profesorado será o de ensinarlle a aprender. Aprender a ver no contorno –as formas e os materiais xeolóxicos, a flora, a fauna, os impactos ambientais -, aprender a buscar e seleccionar información, aprender a comprender e a usar vocabulario científico, aprender a traballar no laboratorio, a resolver problemas, a expoñer e defender conclusións,...

**Actividades de síntese, recapitulación, relación, reflexión e/ou opinión.**

**Actividades de reforzo ou ampliación**, segundo o grado de adquisición de coñecementos e competencias.

Consideramos de gran importancia a metodoloxía científica por lo que, un pilar esencial en la enseñanza-aprendizaje del alumnado son las **actividades de laboratorio** para fomentar las habilidades y procedimientos (técnicas experimentales usuales, diseño de experiencias).

## **C\_\_MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Ao longo do curso, tratarase de detectar aos alumnos/as con maiores dificultades e poñer os medios necesarios para reforzar o traballo de aula. As medidas que se adopten estarán dirixidas a favorecer a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Colaborarase co departamento de orientación en todas aquelas tarefas que se leven a cabo para atender a alumnos con necesidades educativas especiais.

### **Adaptacións curriculares**

O Departamento irá facendo, en colaboración co departamento de Orientación do Centro, as adaptacións Curriculares Individualizadas pertinentes tanto para aqueles alumnos e alumnas que presentan limitacións de natureza física, psíquica ou sensorial, coma os que posúen un historial escolar de desmotivación, desinterese e rexeitamento. Estas adaptacións tentarán ofrecer un currículo equilibrado e relevante os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

O xeito de proceder nestes casos será a seguinte:

1. Determinar o nivel de competencia curricular: para iso hai que determinar o que o alumno ou alumna é capaz de facer, con ou sen axuda, en relación cos criterios de avaliación máis significativos de ciclos anteriores ou do actual, segundo cada caso, especificando, se é posible o tipo de axuda necesaria. A partir da información obtida determinarase que obxectivos e contidos do ciclo avaliado teñen conseguidos e cales deberían ser incluídos na adaptación curricular.
2. Establecemento das adaptacións: en función da información obtida procederase a realizar as adaptacións nos obxectivos, contidos, estándares e criterios de avaliación.

Adaptación na metodoloxía e os materiais: o departamento seleccionará aqueles materiais que mellor se adapten ás características do alumno ou alumna. Respecto da metodoloxía a aplicar, asesorarémonos no Departamento de Orientación para establecer distintas metodoloxías e formas de traballar con estes alumnos.

Básicamente, as ACIs se elaborarán, segundo o caso, con afectacións significativas relativas a contidos o non significativas nas que o que se adapta son tempos, espazos o formatos de materiais de traballo.

## **D\_ MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Os recursos dos que dispoñemos son os seguintes:

- Libro de texto: Bioloxía/Xeoloxía.3º ESO. Santillana Obradoiro Serie Observa Ed Galicia

- Artigos de xornais e revistas especializadas e divulgativas. Uso de distintas fontes de información: xornais, revistas, libros, Internet, etc.; xa que o alumno ou alumna debe desenvolver a capacidade de aprender a aprender.
- Aula de Informática, onde desenvolveremos estratexias tanto de busca coma de procesamento da información
- Biblioteca do Centro, onde o alumno ou alumna poida estudar e encontrar, nos libros desta, información.
- Vídeos, CDs didácticos e películas relacionadas coas diferentes unidades. Laboratorio de Biología e Xeoloxía, que permita a realización de prácticas.
- Elaboración, exposición e defensa de traballos realizados polo alumnado
- Modelo anatómico del hombre clásico.  
Museo de Ciencias da Natureza do Departamento : coleccións de huesos.

## **E\_ PROCEDIMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 3º ESO**

### **E.1 Avaliación inicial.**

**1.- Data prevista de realización:** esta realizarase durante as primeiras semanas de curso.

**2.-Descrición do tipo de proba:** Poderán programarse probas dos seguintes tipos:

- proba de nivel escrita sobre competencias básicas (3º ESO)
- proba de coñecementos básicos.
- preguntas abertas na aula
- realización de exercicios ou esquemas

A elección dun método ou outro dependerá do grupo concreto; e o profesorado dos diferentes grupos comprobará, no desenvolvemento das clases, se hai alumnado con dificultades de aprendizaxe que requiera dalgún tipo de medida de apoio particular.

**3.-Mecanismo para informar ás familias:**

É tarefa dos tutores, da Xefatura de estudos e do Departamento de Orientación comunicar ás familias as decisións acadadas máis respectivas avaliacións iniciais.

**4.-Consecuencias dos resultados da proba:**

Os resultados da avaliación terán unha dobre función:

- valorar o punto de partida de cada alumno/a
- ao ser postos en común na sesión de avaliación inicial, permitirán tomar decisións sobre medidas a tomar tales como reubicación del alumno: podería ser derivado a programas de mellora da aprendizaxe si se considerase necesario.



Faise constar que, dado que os horarios do departamento son tan axustados, non é posible a realización dos agrupamentos específicos e desdobres en Bioloxía/Xeoloxía, que serían necesarios para atender á diversidade.

## E.2 Avaliación continua

### E.2.1 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTIO DE AVALIACIÓN

Farase unha **avaliación continua** mediante a utilización de recursos que permitan valorar o progreso do alumnado da aula e de cada alumno/a na aprendizaxe de contidos conceptuais, así como o progreso no grao de adquisición das competencias básicas.

Na avaliación será fundamental a observación directa do **traballo diario**, no que se terá en conta: a participación e interese nas actividades propostas pola profesora, a calidade dos contidos e da presentación do **caderno de traballo** e dos traballos específicos, a **participación** respectuosa en diálogos e debates, a curiosidade investigadora, o **adecuado manexo do material** o laboratorio e a **autonomía** na realización de experiencias prácticas, así como o **rigor na presentación** de resultados.

Ademais, avaliarase a puntualidade na entrega, a calidade, a presentación e defensa de traballos e informes, e realizáranse **probos escritos**, con apartados diferenciados e con puntuación máxima coñecida para cada un del.

### E.2.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A **cualificación das distintas avaliacións** terá dous apartados: “a”, referido a exames, e “b” referido a traballo persoal e actitude:

- **Apartado a) EXAMES.**
  - 1) Faranse, como mínimo, dúas probas escritas por avaliación.
  - 2) As probas atenderán aos distintos estándares previstos, e a puntuación de cada parte da proba será coñecida polo alumnado
  - 3) A cualificación de este apartado “a” calcularase por media das notas obtidas nas distintas probas escritas realizadas no trimestre.
  - 4) Para aprobar a avaliación é requisito obter en cada unha das probas unha nota igual ou superior a 3,0.
- **Apartado b) TRABALLO PERSOAL E ACTITUDE**

Avaliaranse o **traballo persoal** do/a alumno/a nas clases durante a avaliación así como as actividades de aula que considere o profesor e os exercicios e traballos relacionados cos contidos das unidades, realizados ó longo da avaliación, todos os cales poderán constituir materia de exame.

Avaliarase a **actitude** do alumnado na mesma medida que o traballo persoal. Observarase sobre todo a actitude coas persoas na aula (actitude cos compañeiros/as e profesorado) así como actitude cara a materia.

A nota da avaliación trimestral obterase pola suma do **80%** da nota do apartado “a” e do **20%** da nota do apartado “b” (**10%** do apartado de **traballo persoal** e **10%** do apartado de **actitude**).

Para aprobar a avaliación haberá que obter como mínimo un **5**.

### E.2.3 RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS SUSPENSAS

As avaliacións suspensas poderán ser superadas mediante a realización do exame de recuperación correspondente.

Tales exames terán lugar nos meses de xaneiro (1ª avaliación) e abril (2ª avaliación)

O exame de recuperación da terceira avaliación poderá coincidir co exame final de xuño,

## E.3 Avaliación final

No **mes de xuño**, realizarase probas finais de recuperacións para aqueles alumnos que teñan suspensas avaliacións e/ou recuperacións. Deberán levar a cabo **unha, dúas ou tres probas**, según o número de avaliacións suspensas, avaliándose todos os estándares correspondentes a ditas avaliacións.

O **tipo de proba**: constará de preguntas sobre conceptos, relacionar, aplicar teoría, esquemas, etc.

En cada unha das preguntas se especificará a puntuación correspondente..

O número máximo de preguntas será de 10 (para os alumnos que teñan que recuperar as tres avaliacións).

## CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO

- a) Alumnado coas tres avaliacións aprobadas e que non tivo que facer ningunha recuperación: a cualificación final do curso será a nota media aritmética das respectivas cualificacións á que se lle sumará unha bonificación de hasta un 10% da media obtida.
- b) Alumnado coas tres avaliacións aprobadas pero que tivo que facer algunha recuperación: a cualificación final do curso será a nota media aritmética das respectivas cualificacións.

- c) O resto dos casos, considerados suspensos, terán que ir á convocatoria extraordinaria de setembro.

## E .4 Avaliación extraordinaria de setembro

En setembro, o exame será único e se elaborará a partir da materia dada durante todo o curso, segundo a relación/concreción de mínimos que se fará pública no mes de xuño.

Constará de dez preguntas que poderán ter apartados, especificándose en cada un deles a correspondente valoración.

**Observación** a ter en conta en todo exame que se realice no curso :

No caso de que haxa evidencias de que un alumno ou alumna copie nun exame, será cualificado nesta proba cun **0**.

## E .5 Recuperación das materias pendentes

O alumnado que promoció sen ter superada a materia de Bioloxía/Xeoloxía de 1º ESO, seguirá un **programa de reforzo educativo** destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa.

Os alumnos e alumnas serán avaliados ao longo do curso mediante a realización de **3 probas escritas específicas**, acordadas polos profesores do Departamento. Ao comezo de cada avaliación recollerán un **caderniño con actividades**, que terán que entregar ao profesor/a encargado no momento de facer a proba escrita. As preguntas de esta proba escrita, en número de dez, versarán sobre o contido do caderniño.

O seguimento e avaliación dos alumnos e alumnas con materias pendentes correrá a cargo dos profesores do Departamento según o **Programa de reforzo** elaborado a tal efecto.

**A nota de recuperación da materia pendente** en cada trimestre, será a media aritmética da nota da **proba escrita** que contará un 50% e a do **caderniño de actividades**, que contará outro 50%.

É condición imprescindible acadar unha nota mínima de 3 na proba escrita, en caso contrario no se aprobará o trimestre.

Non haberá novas probas de recuperación ata o mes de maio, no que haberá unha convocatoria final para examinarse da materia que non se superou durante o curso.

## F. PROXECTO LECTOR

Sendo un dos obxectivos das Ciencias da Natureza tanto na ESO como no Bacharelato, desenvolver a capacidade de comprensión cando se fan lecturas de textos científicos, e que o alumnado aprenda a diferenciarlos doutros que non son científicos, así como a utilizalos e a reflexionar sobre eles, este Departamento, co fin de fomentar o hábito de lectura, levará a cabo as actuacións seguintes:

- a) Lectura en voz alta de textos na clase.

- b) Elaboración de estratexias que axuden a comprender as partes dun texto ou dunha lección por medio do subliñado, esquemas, resumos e mapas conceptuais.
- c) Achegamento previo ao tema do texto ou lección, mediante a explicación das ideas e conceptos básicos do mesmo e a relación entre eles.
- d) Realización de traballos, redaccións... sobre textos dados, facilitando previamente preguntas cuxas respostas impliquen a lectura dos devanditos textos.
- e) Confección do vocabulario de cada unidade ou a listaxe dos termos fundamentais de cada tema e utilización dos mesmos nas actividades que se propoñan.
- f) Elección de textos. Cada curso seleccionará como mínimo **dúas** obras ao longo do curso, a partir dalgúns dos seguintes textos (ou similares) aportados pola Biblioteca:
  - “Potencias de diez”
  - “Mi familia y otros animales”
  - “La Tierra se queja”
  - “Cien preguntas básicas sobre ciencia”
  - “1001 cosas que todo el mundo debería saber sobre ciencia”
  - “El reloj de Mr Darwin”
  - “El collar del neanderthal”
  - “La especie elegida”

## G. PLAN TIC ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

Teranse en conta as TIC como ferramenta pedagóxica de relevancia no proceso de ensino e aprendizaxe, mais nunca como un fin en si mesmo.

Empregaranse ferramentas TIC na procura de mellorar a tarefa educativa e a motivación dos alumnos e alumnas e alumnas.

Traballaranse contidos sinxelos e prácticos que resalten as funcións comúns ás distintas aplicacións e sistemas

### **Busca de información**

Este é un dos puntos fundamentais das TIC. Unha busca de información, que se realizará tanto individualmente como en grupos, que irá dirixido á realización de traballos e actividades, ampliación de coñecementos, ... Internet é a maior fonte de información que a humanidade ten hoxe en día. Hoxe podemos acceder dende calquera punto do mundo ao dato máis insignificante. É importante, pólo tanto, ensinar aos alumnos/as a buscar datos na rede.

Pero non ten que ser só buscar unha páxina no buscador porque a cantidade de información obtida pode ser grande pero tamén contradictoria. Teremos que ensinar aos alumnos e alumnas a seleccionar e discriminar as distintas informacións que están a recibir.

Un último paso sería lograr que os alumnos e alumnas sexan críticos con toda a información recibida, de xeito que formen a súa propia opinión sobre cada un dos temas a tratar. Un tema de historia que pode ter interpretacións distintas, segundo a fonte que o subministre.

### **Realización de traballos, actividades e proxectos**

A busca de información non pode quedar nunha mera busca de datos. A información hai que utilizala e haberá que aprender a utilizala. A elaboración de traballos, actividades e proxectos é o camiño para conseguilo.

Estas tarefas desenvolveranse usando os distintos recursos que nos ofrecen as TIC: procesadores de textos, programas de deseño, follas de cálculo,... Ademais poderanse facer dun xeito individual ou grupal, dependendo dos obxectivos trazados en cada unha delas.

### **Uso de programas, vídeos e xogos educativos**

Hai unha grande cantidade de software educativo ao que se pode recorrer para o desenvolvemento das clases. Software que, ademais, se adapta ás necesidades educativas de calquera alumno ou alumna xa que, na súa maioría, contemplan un amplo abano de niveis educativos, o que fai que un mesmo programa poida servir para atender as necesidades educativas de todos os alumnos e alumnas duna clase e que cadaquén poida avanzar a un ritmo distinto, respectando en maior medida a diversidade.

A realización dos proxectos Interdisciplinar e de CC.Naturais suporá unha oportunidade importante para o traballo coas TIC.

## **H. PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR**

Os membros deste departamento, tanto nas súas clases como en todas as súas actividades co alumnado, propóñense acadar os obxectivos recollidos no plano de convivencia escolar do centro, no marco da responsabilidade de ter que:

- Promover unha metodoloxía activa, participativa e de traballo en equipo.
- Revisáanse e adecúanse os currículos para atender a alumnos e alumnas con dificultades de aprendizaxe.
- Propor materiais e tarefas específicas para ter a disposición dos alumnos e alumnas na aula de convivencia.

Os obxectivos de tipo xeral que se pretenden acadar son os seguintes:

1. Mellorar as relacións entre todos os membros da nosa comunidade educativa implicándoos en actividades encamiñadas a mellorar a convivencia no Centro.
2. Favorecer un clima de convivencia dende o diálogo, a acollida e a búsqueda pacífica de solucións.
3. Previr os conflitos dentro e entre os distintos sectores da nosa comunidade educativa.
4. Formar nos valores propios dunha sociedade democrática, participativa e tolerante.
5. Educar no saber escoitar aos outros e na aceptación das opinións dos demais.
6. Fomentar hábitos de traballo, estimular a creatividade e potenciar o desenvolvemento
7. persoal e o espírito crítico.
8. Fomentar un ocio activo e uns hábitos de conduta que contribúan a unha vida saudable.
9. Desenvolver as capacidades de toma de decisións responsables e aprender a dicir “non” fronte a influencias ou presións negativas.

10. Colaborar para potenciar a comunicación do Centro coas familias co fin de que se impliquen plenamente na educación dos seus fillos.

Os obxectivos de tipo específico que se pretenden potenciar son os seguintes:

1. Efectuar cada curso un diagnóstico preciso da realidade escolar no ámbito da convivencia para establecer as necesidades e facer propostas de mellora.
2. Mellorar o grao de aceptación e de cumprimento das Normas do Centro.
3. Mellorar a coordinación do profesorado na esixencia en canto ao cumprimento das Normas de convivencia.
4. Mellorar o ambiente de traballo: puntualidade, limpeza e orde nas aulas e aproveitamento da clase.
5. Crear un ambiente de traballo en equipo, potenciando actividades grupais que axuden a integración de todos os alumnos ao Centro e a súa satisfacción no mesmo.
6. Potenciar a acción tutorial a través de actividades de convivencia e recursos que aporte o departamento de orientación.
7. Mellorar a atención á diversidade e a orientación académica afín de combater actitudes negligentes ou pasivas cara á aprendizaxe e o abandono escolar.
8. Fomentar as relacións interpersoais de aceptación e de respecto mutuo así como o traballo en equipo a través de actividades complementarias e extraescolares e da organización de actividades diversas, para conmemorar determinadas datas establecidas no calendario escolar como o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos ou o Día Escolar da Paz e da Non violencia .
9. Promover a participación do profesorado en cursos de formación relacionados coa xestión da convivencia escolar co fin de crear un equipo de formación de mediadores no Centro.
10. Unha vez formados os mediadores, comezar cun programa experimental de mediación entre alumnos para os conflitos entre iguais, dado ao interese que parecen manifestar neste sentido.

## I. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía ten programado levar a cabo unha serie de actividades complementarias. Algunhas delas, a día de hoxe, están sen confirmar á espera de que o Concello presente o programa "Vigo por dentro".

---Charlas sobre sexualidad levadas a cabo por personal especializado, que se desplazará al centro.

--- Asistencia a las actividades programadas por la Fundación Barrié de la Maza.

Levaranse a cabo actividades prácticas de laboratorio nos cursos nos que sexa factible segundo a dispoñibilidade de materiais e outros recursos.

Vigo, outubro 2019

Fdo : Milagros García

Xefa de Departamento